

ESTATUTOS DE

Amigos da Terra Galicia-Xuventude

CAPÍTULO I - Da Asociación en Xeral -

Artigo 1º. - Constitúese en Ourense unha asociación sen ánimo de lucro, independente de calquera poder político, relixioso ou económico que se denomina “**ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA GALICIA – XUVENTUDE**”. A asociación rexerese polos presentes estatutos, pola Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º. – Son **fins** principais desta asociación:

- 1.- A protección do medio ambiente, entendendo este no seu senso máis amplo.
- 2.- A defensa dos intereses dos consumidores e usuarios.
- 3.- A promoción de alternativas baseadas nun desenvolvemento sostible.
- 4.- A mellora da calidade de vida das comunidades humanas en cada unha das súas facetas.
- 5.- A promoción da educación integral a tódolos niveis e en tódolos ámbitos, incluíndo de xeito destacado:
 - * A promoción de coñecementos e actitudes positivas e activas cara o Medio Ambiente.
 - * A promoción da educación ambiental
 - * A promoción de igualdade entre os sexos.
 - * A promoción da xustiza social.
- 6.-A promoción e mellora da calidade de vida e a integración de colectivos de risco, ou en situación de marxinação e exclusión social, así como a promoción da calidade de vida das persoas afectadas por discapacidade, psíquica ou física.
- 7.- A promoción do asociacionismo xuvenil e infantil.
- 8.- A promoción e desenvolvemento sostible do medio rural.
- 9.- A cooperación e solidariedade internacional no marco da conservación do Medio Ambiente e o Desenvolvemento Sostible nos países en vías de desenvolvemento.
- 10.- A información e asesoramento e, outros servizos, en materia medioambiental, especialmente dirixidos a mocidade tanto de xeito individual coma formando parte de colectivos.
- 11.- O fomento da formación ocupacional como ferramenta que posibilite a integración da mocidade no emprego dentro do eido medioambiental.
- 12.- Fomento e promoción do uso e conservación etnográfica, cultural e natural dos Camiños de peregrinación a Santiago.

13.- Fomento dos valores e da identidade social e cultural de Galicia.

14.- Desenvolver actividades de todo tipo encamiñadas a cubri-las necesidades dos/as asociados/as (e outros colectivos), así como dirixidas a achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.

Artigo 3º. – Amigos da Terra Galicia-Xuventude cumprirá os seus fins desenvolvendo todo tipo de actividades lícitas encamiñadas a consecución dos mesmos. Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as **seguintes actividades:**

1.- Prestar servicios de información, educación, documentación ambiental e asistencia xurídica.

2.- Realización de actividades ambientais reivindicativas, divulgativas, culturais, formativas e xuvenís.

3. - Realización de cursos, seminarios, conferencias e actos análogos.

4.- Accións formativas encamiñadas á consecución dos principios fins da Asociación.

5.- Organización de actividades socio-culturais e lúdicas, como campamentos e campos de traballo.

6. - Elaboración e edición de materiais formativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da asociación.

7. - Xestión de equipamentos e infraestruturas ambientais.

8.- Fomento das relacións de colaboración con institucións públicas, empresas privadas e organizacións non lucrativas que permitan un mellor cumprimento dos fins fundacionais.

9.- Cooperación para o desenvolvemento a través de proxectos de cooperación noutros países.

10. - Deseño e execución de cantas accións ou actividades sexan precisas para conseguila participación de asociados/as destinatarios.

11.- Campañas de sensibilización e concienciación medioambientais.

12.- Fomento e apoio ao comercio xusto

13.- Calquera outra actividade non incluída nas anteriores e que se considere axeitada para o cumprimento dos fins da asociación.

Para o desenvolvemento das actividades fomentárase a colaboración con outras organizacións sin ánimo de lucro, así como con persoas ou institucións públicas ou privadas, sempre que a colaboración non contraveña os fins da asociación.

As actividades realizadas pola asociación estará dirixida ao público en xeral.

Artigo 4º. – O enderezo principal e permanente da asociación radicará na localidade de Ourense na rúa de Curros Enríquez núm. 19- 1º Interior C.P: 32003, co número de teléfono 988 374 318, fax 988 511 020 e correo electrónico info@amigosdaterra.net

Artigo 5º. – A asociación en función dos seus fins e da ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no **ámbito territorial** da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 6º. – A **duración** desta asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asamblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da constitución e o resto do ordeamento xurídico.

CAPITULO II – Dos Socios –

Artigo 7º. – Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas (maiores de idade e con plena capacidade de obrar) ou xurídicas (tralo acordo do órgano competente), que reúnan os seguintes requisitos:

- a.- persoas que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación,
- b.- que formalizen a súa integración mediante a cobertura do documento de incorporación.

Tamén poderán ser socios/as os menores de idade ou incapaces maiores de 14 anos coa autorización ou consentimento de quen ostente a patria potestade ou tutela sobre elas e reúnan os requisitos a e b precedentes.

Artigo 8º. – Dentro do conxunto dos socios:

Considéranse socios de mérito, aquelas persoas que a xuízo da Asamblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 9º. – Os asociados/as teñen os seguintes **dereitos**:

1. Tomar parte nas asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Ter copia destes estatutos.
5. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.

6. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
7. Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da asociación.
8. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.
9. Aproveitar tódolos dereitos que como membros da asociación lles corresponden a tenor da lexislación vixente.
10. Os socios menores de idade terán os seus dereitos determinados conforme a lexislación vixente.

Artigo 10º. – Son **obrigas** dos asociados e asociadas:

1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos e os acordos das Asembleas Xerais, conforme ás finalidades da asociación para a consecución destas.
2. Respetar e cumprir-los acordos válidos das Asembleas e da Xunta Directiva e o contido dos presentes Estatutos.
3. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
4. Satisface-las cotas que se establezan.
5. Desenvolver unha boa conducta individual e cívica.
6. Ningún membro poderá apropiarse do nome, a representatividade ou as funcións de AMIGOS DA TERRA GALICIA – XUVENTUDE a título particular.
7. Aquelas outras que sexan recollidas na lexislación vixente.

Artigo 11º. – Os asociados/as **de mérito** e os menores de 18 anos, non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz pero sen voto.

Artigo 12º. – Os acordos de **admisión** de asociados/as tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante a solicitude deberá ser autorizada polo representante, pai ou titor do solicitante e achegarse unha acreditación da identidade do solicitante.

Para o caso de ser rechazada a solicitude de admisión, o solicitante poderá acudir en recurso a perante a Asemblea Xeral, que será quen ratifique o rexeitamento ou acepte definitivamente a solicitude.

Artigo 13º. –

13.1 A condición de asociado **pérdese:**

1. Por vontade propia, comunicada por escrito á Xunta Directiva e previo aboamento de tódalas cotas que teña pendente.

2. Por incumprimento das obrigas económicas, se deixara de satisfacer durante 2 anos consecutivos ou 3 alternos, as cuotas periódicas.
3. Por deixar de cumprir as condicións precisas para formar parte da asociación.
4. Por realización de accións que perxudiquen gravemente ós intereses da asociación ou que sexan contrarias os fins establecidos nos presentes estatutos.
5. Por infracción e incumprimento dos Estatutos de Amigos da Terra Galicia-Xuventude, especialmente no tocante os seus fins.

13.2. A separación voluntaria ou baixa definitiva acordada, en ningún caso dará dereito ao socio/a a percibir contribución patrimonial ningunha ou a solicitar o reitegro doutras achegas económicas realizadas, agás acordo xustificado adoptado pola xunta directiva e ratificado pola asamblea xeral.

Artigo 14º. – A **expulsión** de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a, se así o desexa, expresarse en todo caso a causa ou motivación da sanción proposta. O acordo de expulsión deberá ser ratificado por decisión maioritaria da Asemblea Xeral Extraordinaria e contra da súa resolución poderase recorrer diante da xurisdicción ordinaria.

Con carácter preventivo perderán os seus dereitos como asociados/as aquelas persoas en contra das que se abra un procedemento de expulsión.

Artigo 15º. – Os asociados/as poderán pedir a **separación temporal** por escrito. A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se estea tramitando un expediente sancionador ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da asociación. En todo caso a resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

CAPITULO III– Dos Órganos da Asociación –

Artigo 16º. – A asociación conta cos **órganos de goberno** seguintes:

1. Xunta Directiva,
2. Asemblea Xeral.

Artigo 17º. – A asociación será xestionada e representada pola **Xunta Directiva** que estará formada polos seguintes cargos que deberán recaer en asociados/as que sexan maiores de idade:

1. 1 Presidente/a

2. 1 Vicepresidente/a
3. 1 Secretario/a
4. 1 Tesoureiro/a
5. Ningún, un ou tres vocais segundo libremente o determine a asemblea.

Artigo 18º. – Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán **gratuitos**, sen perxuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interposta.

Os cargos elixiranse pola Asemblea Xeral e durarán un período de 2 anos, aínda que poder ser obxecto de reelección indefinidamente.

Artigo 20º. – As **funcións** da Xunta Directiva estenderanse con carácter xeral a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva:

1. Representar a AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE.
2. Executar os acordos da Asemblea.
3. Velar polo cumprimento dos presentes estatutos.
4. Administrar o patrimonio pertencente á asociación e mesmo realizar calquera acto, negocio xurídico ou contrato de xestión, disposición, gravame ou administración do patrimonio e representación legal da asociación perante calquera persoa física, xurídica pública ou privada.
5. Dirixir e coordinar o traballo da asociación decidido pola asemblea.
6. Xestionar os asuntos relacionados coas actividades da asociación.
7. Solicitar subvencións e axudas dos organismos públicos ou privados.
8. Exercitar accións xurídicas.
9. Contratar para o desenvolvemento de tarefas administrativas ou técnicas ao persoal que se considere necesario e dirixir e coordinar o seu traballo.
10. Presentar informes a Asemblea, así como propostas sobre materias nas que esta deba decidir.
11. Aceptar de forma provisional ata a seguinte Asemblea Ordinaria, o ingreso de novos socios.
12. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
13. Formular normas internas de funcionamento relativas ás tarefas propias da Xunta Directiva co obxecto dun mellor cumprimento dos estatutos desta asociación.
14. Exercer as funcións que non estean expresamente asignadas en Asemblea Xeral ou que lle sexan transferidas pola Asemblea.

15. Adoptar medidas urxentes se o desenvolvemento das actividades da asociación así o requiren.

16. Delegar ou apoderar a calquera dos seus membros ou terceiras persoas as funcións que lle son propias para o mellor desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 21º. – A Xunta Directiva realizará as súas **sesións** cantas veces o determine o/a presidente/a a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus componentes, mínimo dúas veces o ano, . Será presidida polo presidente/a e, na súa ausencia, pola persoa que ostenta a vicepresidencia, e a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os **acordos** da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos, da metade máis 1 dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do presidente/a. O secretario levantará acta das sesións, que se transcribirá o libro de actas.

Artigo 22º.- Os cargos da Xunta Directiva poderán causar **baixa** por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato. Neste último caso, continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúan.

As vacantes que se puideran producir na Xunta Directiva cubriranse provisionalmente por designación da mesma ata que a Asemblea Xeral elixa os novos membros ou confirme nos seus postos ós designados.

Artigo 23º. – A **Asemblea Xeral** de asociados/as é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos asociados/as con dereito a voto e tomará os seus acordos por maioría. O presidente e o secretario da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 24º. – A Asemblea Xeral **reunirase** con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces acorde a Xunta Directiva ben por acordado libremente cando o estime necesario ou veña imposto polos presentes estatutos , ou o solicite 1/3 dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ao presidente/a, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria.

Artigo 25º. – A **Asemblea Xeral Ordinaria** reunirase necesariamente dentro dos 6 primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola Xunta Directiva.

A notificación farase por correo electrónico para as Asembleas Ordinarias e para as Asembleas Extraordinarias, e por correo postal para todo aquel asociado que así o solicite.

Na convocatoria terán que aparecer o lugar, data e hora da xuntanza, así como a orde do día con expresión concreta dos temas a tratar e os anexos que procedan.

Artigo 26º. – Serán competencias da **Asemblea Xeral**:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades, así como coordinar e dinamizar as actividades dos membros.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Examinar e aprobar as cotas ordinarias e/ou extraordinarias.
7. Supervisar o cumprimento das directrices xerais de AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE e de AMIGOS DE LA TIERRA, por parte de tódolos seus membros.
8. Cambiar, tanto o domicilio social como os locais, dando conta do seu acordo ao organismo encargado do Rexistro de asociacións.

Artigo 27º. – Tamén serán funcións da **Asamblea Xeral**:

1. Debater e aprobar, no seu caso, a modificación dos presentes Estatutos
2. Elixir os membros integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens inmobles.
5. Acorda-la disolución da asociación.
6. Designa-los/as liquidadores/as da asociación.
7. Ratifica-la expulsión de asociados/as a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da asociación.
9. Debater e aprobar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interno de AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE, así coma calquera modificación do mesmo.
10. As que sendo de competencia da Asemblea Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave perxuízo para a asociación.

Artigo 28º. – Para que as Asembleas poidan tomar **acordos**, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis 1 do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 29º. – Os **acordos** adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 27,

que requirirán maioría de 2/3. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinará o/a presidente/a e o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría e tamén poderá aprobarse na mesma asemblea á que a acta se refire asinando acta tódolas persoas concorrentes.

Artigo 30º. – Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores **obrigarán a tódolos/as asociados/as**, incluso ós/ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada no seu caso.

Posteriormente o secretario procederá a introduci-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considera oportuno ou o solicita 1/3 dos asociados inscritos no libro de membros, a facer unha quenda de rogos e preguntas e a adopción de acordos. Concluída esta quenda o presidente levantará a sesión.

Artigo 31º. – Os acordos que vaian contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser **recorridos en reposición** perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 32º. – **O presidente/a** terá as seguintes atribucións:

- 1.- Representar á asociación perante calquera persoa ou organismo público ou privado.
- 2.- Convocar as reunións de Xunta Directiva e presidir a asemblea xeral, e así moderar as deliberacións.

Artigo 33º. – **O Vicepresidente/a** terá a seguintes atribucións

1. Exercer as funcións do/a Presidente/a en ausencia do mesmo ou por delegación expresa deste ou da Xunta Directiva cando concorran circunstancias que así o requiran.

Artigo 34º. – **O secretario** responsabilizarase das tarefas de organización precisas para o correcto funcionamento da asociación. Así mesmo ten as seguintes funcións:

1. Recibir e tramitar as solicitudes de ingreso, levar e custodiar o ficheiro e o Libro Rexistro de asociados ou calquera outra documentación imposta pola lexislación vixente agás a de carácter contable.

2. Notificar as convocatorias.
3. Elaborar e presentar as actas das reunións dos distintos órganos, así como expedir certificacións das mesmas co visto bo do presidente.
4. Levar e Custodiar os libros de actas.
5. Facilitar as relacións de coordinación e comunicación cos socios/as.
6. Comunicar a designación da Xunta Directiva e outros acordos sociais inscribibles nos Rexistros correspondentes, así como presentar as contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 35º. – O Tesoureiro

1. Levar a contabilidade
2. Elaborar o presuposto anual e o estado das contas.
3. Custodiar os libros contables da Sociedade
4. Manter a contabilidade da Asociación nos correspondentes libros de ingresos e gastos e informar a Xunta Directiva e os socios sobre isto.
5. Confeccionar anualmente o Inventario – Balance e presentarllo á Asamblea Xeral para a súa aprobación e redactar o orzamento do ano entrante en conxunto coa comisión económica.

Artigo 36º. Os Vogáis, no numero que determine a Asamblea Xeral, terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballo que lles sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Artigo 37º. A asamblea xeral poderá crear unha ou varias comisións de carácter permanente, ou non, para a xestión ordinaria e plena de asuntos ou actuacións que se lle encomenden.

CAPITULO IV – Da Lingua interna

Artigo 38º. A lingua de expresión pública será o **Galego Normativo da Real Academia Galega** para a realización das actividades e para o seus asociados e asociadas actantes como membros da asociación.

CAPITULO V – Réxime Económico –

Artigo 39°. – O **patrimonio** da asociación coincide co recollido nas contas aprobadas anualmente e está composto polos bens e dereitos dispoñibles para a realización dos fins sociais. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. O patrimonio inicial da asociación, é de cero euros.

Artigo 40°. – A asociación funcionará en réxime de **orçamento anual**. O orzamento da asociación debe ser aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria o inicio do exercicio. Así mesmo a liquidación do presuposto terá que ser presentada na pola Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior o peche do exercicio.

Artigo 41°. – A asociación manterase dos seguintes **recursos**:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder persoas ou entidades públicos ou privadas.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. As vendas e beneficios derivados dos seus bens patrimoniais.
6. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 42°. – AMIGOS DA TERRA GALICIA-XUVENTUDE gozará de **plena autonomía e capacidade xurídica e poderá adquirir e posuír bens de toda clase**. Tamén poderá contraer obrigacións e exercer accións civís e criminais conforme á lei e os presentes Estatutos. Así mesmo poderá aceptar e utilizar doazóns para estes obxectivos. Os fondos poderán ser utilizados única e exclusivamente a favor dos fins definidos nos presentes Estatutos.

Artigo 43°. – As **cotas ordinarias** acórdanse pola Asemblea Xeral Ordinaria a proposta da Xunta Directiva, non sendo reintegrables en caso ningún e dedicándose a atende-las necesidades da asociación.

Artigo 44°. – Con referencia ao último día do exercicio económico da cada ano elaboraranse as contas que se formalizarán nunha **Memoria** e que será posta a disposición dos/as asociados/as durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a realización da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 45°. – Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPITULO VI – Do Regulamento do Réxime Interno –

Artigo 46°. – Poderase aprobar un **Regulamento de Réxime Interno** que desenvolva aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nestes. En todo caso o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPITULO VII – Modificación de Estatutos e Disolución da Asociación –

Artigo 47°. – Os presentes estatutos poderanse **modificar** a proposta da Xunta Directiva ou 1/4 dos socios. A convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, establecéndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Xunta Directiva as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e entregaranse cunha antelación mínima de 4 días á súa realización.

Artigo 48°. – Para ser **aprobada a reforma** dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 49°. – A asociación **disolverase** polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 1/4 partes deles.
2. Por outras causa determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 50°. – Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará 3 asociados/as **liquidadores** que, xunto ó/á presidente e ó/á tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante. O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, se porá a disposición de Amigos de la Tierra España o no seu defecto de Friends of the Earth.

DISPOSICION ADICIONAL

En todo o que non estea previsto nos presentes Estatutos será de aplicación a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

Dona. Judith Jeannette Sing Jackson Secretaria da Asociación a que se refiren estes Estatutos,

DILIXENCIA: que os presentes Estatutos foron redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral de acordo co procedemento establecido nos seus estatutos, e data do 27 de marzo de 2006 na que se adoptou a modificación.

En Ourense, a 27 de marzo de 2006

Vº. Bº.

Fdo.: Judith Jeannette Sing Jackson
A Secretaria

Fdo.: Cristina Gómez Rodríguez
A Presidenta